

A AELG homenaxeará o autor Xosé Manuel Martínez Oca na Estrada

A 28ª edición do 'Escritor na súa terra' da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) recoñec a extensa traxectoria do autor estradense.



O escritor estradense Xosé Manuel Martínez Oca. (Foto: Moncho Fuentes)

Redacción

13/06/22 21:57

A homenaxe que cada ano dedica a [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) a unha autora ou un autor "na súa terra" chega este 2022 á súa 28ª edición. Nesta ocasión, e por decisión unánime da súa asemblea de socias e socios, recaeu na figura de **Xosé Manuel Martínez Oca**, que terá ese recoñecemento na Estrada o 18 de xuño.

"Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de máis de dúas décadas como unha celebración na que a terra de acollida da persoa homenaxeada ten unha presenza fundamental", explican desde a entidade a través dun comunicado. A intención da **AELG** é "honrar escritoras e escritores procurando o contacto directo e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe".

O evento previsto contará con tres partes. Na primeira descubrirase un monólito conmemorativo e plantarase unha árbore escollida polo autor (Casa das Letras, Avenida Benito Vigo 60, 11.30 horas). Na segunda procederase á **entrega da 'Letra E'** (Teatro Principal, rúa Serafín Pazo, 12.30 horas).

E a terceira, e última, consistirá nun xantar de confraternidade posterior.

Martínez Oca, o autor homenaxeado, vén de publicar recentemente un novo libro titulado *Tres en raia* (Baía Edicións, 2022) e participará co relato curto inédito *Relacións especiais* no Caderno de Verán *Máis* que acompañará *Nós Diario* durante os meses de xullo e agosto.

Extensa traxectoria

Xosé Manuel Martínez Oca é un dos máis prolíficos autores da narrativa galega contemporánea. De profesión empregado de banca, comezou a súa andaina literaria publicando en obras colectivas como en *Catro Narracións* (Edicións do Castro, 1977) até chegar a súa primeira obra en solitario, *A fuxida* (Xerais, 1980).

Con outra obra súa, *Beiramar* (Xerais, 1983) acada o [Premio Blanco Amor](#) ao que lle seguirían outros.

Traballou o ensaio coa obra *Dos camiños de arrieiros ós Pazos da Ulla* (A Nosa Terra, 2000); a literatura infanto-xuvenil, con *Roi e os seus amigos* (Casals, 1987) e *Todo o peso do ceo* (Luís Vives, 1997); ou traducións como *Maigret na escola, de Georges Simenon* (Vía Láctea Editorial, 1992).